

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE VEHÍCULOS DE ALUGUER CON APARATO TAXÍMETRO.

CAPÍTULO I

I. OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

Art. 1.- Ao abeiro do establecido no art. 1 do Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos e Interurbanos de transporte en Automóbiles Lixeiros, aprobado por Real Decreto 763/79, de 16 de marzo, e no exercicio da potestade recoñecida no art. 4 da Lei 7/85, de 2 de abril, modificado pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, dítase a presente Ordenanza, co obxecto de regular o servizo público de automóbiles con aparato taxímetro no termo municipal de Arteixo.

Art. 2.- Naquelas materias non reguladas pola presente Ordenanza aplicarase subsidiariamente a regulamentación Nacional dos Servizos Urbanos e Interurbanos de Transporte en Automóbiles Lixeiros, de 16 de marzo de 1979, Lei 16/87 de Ordenación dos Transportes Terrestres e demais disposicións de xeral aplicación.

CAPÍTULO II

II. DAS LICENZAS

Art. 3.- Será requisito para a prestación do servizo obxecto da presente Ordenanza estar en posesión da correspondente licenza municipal.

Simultaneamente á concesión da licenza municipal é precisa a obtención da autorización de transporte interurbano, a outorgar esta última pola Xunta de Galicia.

Cada licenza terá un só titular e amparará a un só e determinado vehículo.

Art. 4.- O número de licenzas virá determinado pola necesidade e conveniencia do servizo a prestar ao público, na forma e condicións previstas no art. 11 do Regulamento Nacional.

(O número de licenza de taxis con vehículos adaptados ás condicións de persoas con mobilidade reducida, será a determinar segundto a normativa autonómica ao respecto).

Art. 5.- As licenzas serán de duración indefinida, debendo manter as condicións da súa creación, sen prexuízo das causas de caducidade, revogación ou anulación, establecidas no artigo 48 do antedito Regulamento Nacional.

Os titulares de licenza poderán renunciar ás mesmas, pero en todo caso, para que dita renuncia sexa efectiva deberá ser expresamente aceptada polo Concello de Arteixo.

Art. 6.- As licenzas outorgaranse a favor de condutores asalariados de auto-taxis que presten servizo en Arteixo, con plena e exclusiva dedicación na profesión, por rigorosa e continua antigüidade, acreditada mediante o permiso local de conducir e as súas cotizacións á Seguridade Social, de acordo coas normas de procedemento que para cada adxudicación sexan aprobadas polo Concello de Arteixo.

Aquelas licenzas que non se adxudiquen consonte ao apartado anterior outorgaranse ás persoas naturais ou xurídicas que as obteñan mediante concurso libre.

Art. 7.- As licenzas de auto-taxis só serán transmisíbeis nos supostos establecidos no art. 14 do Regulamento Nacional.

Art. 8.- O titular da licenza non poderá en ningún caso arrendar, ceder ou traspasar a explotación da licenza, estando na obriga de explotala persoal ou conxuntamente mediante a contratación de condutores asalariados na posesión do permiso local de conducir e afiliación á Seguridade Social en réxime de plena e exclusiva dedicación e de incompatibilidade con outra profesión.

No prazo de sesenta días naturais, contados desde a data de concesión da licenza, o seu titular está obrigado a prestar servizo de forma inmediata e con vehículo afecto á mesma, que deberá cumprir os requisitos establecidos nesta Ordenanza, previa comprobación polos Servizos técnicos competentes.

Art. 9.- O rexistro e control das licenzas concedidas levarase a cabo pola Administración municipal. Iranse anotando no mesmo as incidencias relativas aos titulares das licenzas, aos condutores e aos vehículos afectos a elas.

Os propietarios de licenzas deberán comunicar os cambios que se produzan ao respecto, así como as variacións do seu domicilio, dentro dos quince días seguintes a partir da data en que ocorre.

CAPÍTULO III

III. DAS TARIFAS

Art. 10.- A explotación e utilización do servizo de auto-taxis estará suxeita á tarifa, e o seu aboamento será obrigatorio para os usuarios do servizo.

O réxime tarifario aplicábel, fixarase polo órgano competente da Comunidade Autónoma de Galiza, previo informe do Concello de Arteixo. As tarifas serán susceptíbeis de revisión anual, consonte ao procedemento anterior.

Art. 11.- O pagamento do importe da prestación do servizo será aboadado polo usuario á súa finalización, debendo ser visíbeis as tarifas de aplicación, desde o interior do vehículo. Nas mesmas conteranse os suplementos e tarifas especiais que proceda aplicar a determinados servizos.

Se durante a prestación do servizo, o condutor fose requirido para esperar o regreso dos viaxeiros, que transitoriamente desexen interromper o percorrido, na aplicación da tarifa deberá ter en conta:

Que no caso de que o lugar non ofrezca limitacións en canto ao estacionamento, cobrará o importe do percorrido efectuado, engadindo o custo de media hora de espera se é en poboación ou unha hora se a espera se produce en descampado. Unha vez transcorridos os citados tempos, poderá ausentarse de non se producir o regreso dos viaxeiros.

No suposto de que o lugar ofrezca limitacións en canto ao estacionamento, poderá cobrar o importe do percorrido realizado, desvinculándose do servizo.

Art. 12.- Os condutores dos vehículos estarán obrigados a estender un recibo do importe do servizo, cando así o soliciten os usuarios. Dito recibo deberá axustarse ao modelo oficial autorizado polo Concello de Arteixo.

Art. 13.- Os condutores dos vehículos están obrigados a proporcionar ao usuario cambios de moeda en metálico ou billete, ata a cantidade de 20 euros.

Cando non dispoñan do cambio obrigatorio abandoarán o vehículo para acadalo, deixando o taxímetro en punto morto.

Cando o cambio sexa a devolver superior ao regulamentario poderá deixar o taxímetro en marcha, ate que se lle proporcione o importe ou cantidade á que ascende a tarifa.

CAPÍTULO IV

IV. DOS VEHÍCULOS

Art. 14.- O vehículo do servizo, será de propiedade do titular da licenza que a ampara e figurará inscrito no Rexistro da Dirección Xeral de Tráfico.

Art. 15.- Os vehículos destinados á prestación do servizo obxecto da presente Ordenanza deberán reunir as seguintes características:

1. Carrocería pechada con 4 ou 5 portas de fácil acceso e funcionamento que facilite a manobra con suavidade, e con capacidade que non excederá de sete prazas.
2. As portas estarán dotadas do mecanismo conveniente para acciona-las súas luas a vontade do usuario.
3. O interior estará revestido de material que poida limparse facilmente para a súa conservación en estado de pulcritude.
4. O piso irá recuberto de goma ou outra materia impermeábel fácil de limpar.
5. Os vehículos irán provistos de extintor de incendios.
6. Iluminación interior para servizos nocturnos.
7. Os vehículos poderán ir provistos dun biombo de separación entre o condutor e os usuarios, das características para estes efectos establecidas e homologadas polas autoridades competentes. Cando se instale biombo ou tabique de separación, a capacidade do vehículo será para tres viaxeiros como mínimo, ampliable a catro cando o condutor do vehículo autorice a utilización do asento contiguo ao seu.
8. A autoridade municipal estará facultada para esixir a instalación de radioteléfonos nos vehículos e aquelas innovacións técnicas que as circunstancias aconsellen e redunden en beneficio do servizo.

Art. 16.- Os vehículos deberán ir provistos dun aparato taxímetro, comprobado e precintado pola Delegación Provincial de Industria, e situado na parte dianteira do interior da carrocería, de forma que, en todo momento, resulte completamente visíbel para o viaxeiro a lectura da tarifa o prezo e suplementos, debendo estar iluminado entre lusco e fusco.

Art. 17.- O aparato taxímetro entrará en funcionamento ao baixar a bandeira ou calquera outro elemento mecánico do que deba ir provisto. Ademais de poñer en marcha ou parar o mecanismo daquel, poderá adoptar a posición de punto morto, situación na que, non marcando a tarifa horaria, deberá colocarse ao rematar o servizo, ou no caso que durante el se produza algún accidente ou avaría que momentaneamente o interrompa.

Nos vehículos cuxa instalación o permita, o condutor poderá aceptar voluntariamente, como modo de pagamento, tarxeta de crédito, moedeiro electrónico ou calquera outro medio que o avance da tecnoloxía o posibilite.

Art. 18.- Os vehículos de auto-taxis irán pintados de cor branca, amosando nas portas dianteiras de forma simétrica o escudo municipal, segundo o modelo que oficialmente estableza a Corporación municipal.

- Debaixo do escudo irá colocado o número de orde da licenza correspondente.

- Os números da licenza serán de cor azul e terán cinco centímetros de altura e anchura proporcional.

- Na parte superior dianteira irá colocado un rótulo-marquesina que se iluminará de forma automática no momento de facer a baixada de bandeira e que terá as características seguintes:

* Na parte esquerda do rótulo aparecerán números das tarifas de aplicación (dixitalmente).

* Na parte central constará a palabra " TAXI ".

* A luz verde de " libre " ou " ocupado ", figurará na parte dereita do rótulo.

Así mesmo, en ambos os dous lados do vidro posterior, levará un adhesivo no que se indique o día de descanso.

Art. 19.- No interior e en sitio visíbel para os usuarios, situarase unha placa na que figure o número de matrícula e de licenza municipal, debendo así mesmo colocar nos cristais da parte posterior do vehículo -e de forma que a lectura sexa fácil para os usuarios-, un adhesivo no que figurarán as tarifas e suplementos vixentes.

Os vehículos poderán levar un cartel no seu interior indicando a prohibición de fumar aos ocupantes do mesmo.

Art. 20.- A instalación de publicidade nos vehículos, requirirá a previa autorización municipal.

Art. 21.- Durante a prestación do servizo os vehículos encontraranse provistos coa seguinte documentación para estes efectos:

1.- Referentes ao vehículo:

- Permiso de circulación.

- Tarxeta de inspección técnica vixente.

- Póliza e recibo da entidade técnica aseguradora

- Licenza municipal.

- Ter cuberta de forma ilimitada a súa responsabilidade civil polo danos que se causen con ocasión do transporte.

2.- Referentes ao condutor:

- Carné de conducir da clase esixida pola lexislación de tráfico.
- Permiso local de conducir, no que figura adscrito o vehículo da licenza na que presta servizos.

3.- Referentes ao servizo:

- Placa interior en lugar visíbel, co número de licenza-matrícula e número de prazas.
- Exemplar da presente Ordenanza.
- Exemplar do Regulamento Nacional de Servizos urbanos e interurbanos de transportes en automóviles lixeiros.
- Impreso de tarifas vixentes e suplementos.
- Talonario de recibos no que deberá figurar impreso o escudo da Corporación e o número de licenza do vehículo. Os recibos correspondentes a cantidades percibidas polos servizos prestados poderán ser substituídos por un ticket de impresora incorporada ao aparato taxímetro.
- Libro de reclamacións segundo o modelo oficial que se aprobe.

Art. 22.- O titular deberá manter o vehículo en perfecto estado de conservación e limpeza, de tal forma que en todo momento cumpra os requisitos establecidos nesta Ordenanza, así como as normas, bandos e instrucións que se poidan ditar.

Art. 23.- O cumprimento dos requisitos establecidos nos artigos anteriores, comprobarase polos servizos municipais correspondentes. Non se autorizará a posta en servizo de vehículos nos que non fosen revisadas as súas condicións de seguridade, conservación e documentación.

Art. 24.- Os servizos municipais correspondentes, en calquera momento poderán pasar unha revisión, e incluso inspeccións periódicas, co obxecto de comprobar o estado do vehículo e a constatación dos datos da documentación relativa ao mesmo, o seu titular e condutores cos que figure no Rexistro Municipal.

As revisións anteriores levaranse a cabo sen prexuízo e con independencia da facultade establecida sobre a revisión dos vehículos atribuída a outros organismos.

Art. 25.- Os titulares das licenzas poderán substituír, previa autorización municipal, o vehículo adscrito ás mesmas por outro máis moderno ou de mellores condicións. O vehículo substituído deberá someterse á revisión correspondente, que terá por obxecto a comprobación dos requisitos establecidos nesta Ordenanza e instrucións que se poidan dictar para o seu desenvolvemento.

CAPÍTULO V

V. DOS CONDUCTORES

Art. 26.- Para poder conducir os vehículos afectos ao servizo regulado por esta Ordenanza será obrigatorio estar en posesión do permiso municipal correspondente.

Art. 27.- Para poder obter o permiso a que se refire o artigo anterior, será preciso:

1.- Solicitalo mediante instancia dirixida á Alcaldía-Presidencia.

2.- Acreditar as seguintes condicións:

a).- Estar en posesión do permiso de condución de clase BTP ou superior a esta, expedido pola Xefatura de Tráfico.

b).- Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa ou impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión, mediante certificado expedido polo Colexio Oficial de Médicos.

c).- Aqueloutros que dispoña o Código da Circulación ou expresamente sinala, con carácter xeral, a Dirección Xeral de Tráfico.

Art. 28.- O permiso municipal terá unha validez para un período máximo de cinco anos, ao termo dos cales deberá ser renovado a instancia dos seus titulares ou no seu caso cando se produza a renovación do permiso de conducir. A renovación efectuarase sen necesidade de exame a todos aqueles que acrediten, mediante o permiso municipal de conducir e certificación das súas cotizacións á Seguridade Social ou á Mutualidade Laboral de Traballadores Autónomos, ter desempeñado a súa profesión por prazo mínimo de un ano.

Art. 29.- A Administración municipal, levará un rexistro e control dos permisos municipais de conducir concedidos, onde se irán anotando as incidencias relativas aos seus titulares. A tal fin, os propietarios de licenzas estarán obrigados a comunicar á mencionada área, as altas e baixas de condutores que se produzan nos seus vehículos, nun prazo non superior a dez días.

CAPÍTULO VI

VI. DA PRESTACIÓN DO SERVIZO.

Art. 30.- Os vehículos deberán dedicarse exclusivamente á prestación do servizo regulado na presente Ordenanza, quedando prohibido o uso dos mesmos para fins persoais, ou calquera outros que non sexan os de servizo público, agás os días de libranza, vacacións de verán e calquera outro caso debidamente xustificadas diante da autoridade municipal.

Art. 31.- Os vehículos deberán prestar o servizo de maneira continuada, sen prexuízo das quendas de descanso establecidos.

Poderase interromper a prestación do servizo como causa grave, debidamente xustificada por escrito diante do Concello, durante un prazo que non exceda de trinta días consecutivos ou sesenta alternos, durante un período de un ano.

Non se considera interrupción o período de vacacións, tendo en conta que a duración non será superior a trinta días ao ano.

Art. 32.- A autoridade municipal, oída a asociación ou asociacións representativas do sector, poderá establecer as medidas de organización e control que considere necesarias para o perfeccionamento do servizo, e atendendo ás necesidades públicas, determinará o horario mínimo dos servizos a prestar, regulará os días de descanso e períodos de vacacións estivais, de forma que quede suficientemente garantida a continuidade do servizo.

Art. 33.- Atendendo a necesidades e conveniencia do servizo, a Corporación establecerá as paradas oficiais que estime pertinentes, a onde deberán concorrer os vehículos no número

que se determine de maneira obrigatoria, unha vez oída a asociación ou asociacións do sector.

Prohíbeselles recoller viaxeiros aos vehículos que circulen por zonas que disten menos de cen metros das paradas oficiais establecidas.

Art. 34.- Co fin de que en todo momento os usuarios poidan coñecer a identificación de quen presta o servizo, todos os taxis deben levar en lugar visíbel para o viaxeiro, a tarxeta de identificación profesional do condutor que estea a facer o servizo co vehículo nese momento, que serán expedidas pola Administración municipal.

A expresada tarxeta colocarse no lugar que sinalen os Servizos Municipais, de tal maneira que sexa visíbel tanto desde o interior do vehículo como desde o exterior.

A documentación a presentar para a obtención da tarxeta de identificación será a seguinte:

- Solicitud dirixida ao Concello de Arteixo.
- Fotocopia cotexada da licenza municipal adscrita ao vehículo no que se presta o servizo.
- Fotocopia cotexada do permiso municipal de conducir do solicitante.
- Fotocopia cotexada de alta na Seguridade Social como traballador autónomo no caso do titular da licenza, o contrato de traballo debidamente cuberto e dilixenciado no INEM, no que se especifique o horario de traballo no suposto de contratos a tempo parcial e fotocopia de alta na seguridade social correspondente ao contrato de traballo antes referido, polo que se refire a condutores asalariados.

Cando un titular de licenza solicite a transferencia da mesma, estará obrigado a entregar nas dependencias correspondentes, a tarxeta de identificación de que sexa titular.

De igual maneira, cando un condutor asalariado cese na súa relación laboral, estará obrigado a entregar ao titular da licenza que o contratou, a tarxeta de identificación que este depositará nas dependencias municipais para a súa custodia.

A tarxeta de identificación renovarase nas dependencias municipais cada cinco anos, e en todo caso, cando se produza a substitución do vehículo que estea autorizado na mencionada tarxeta, previa presentación da documentación referida nos apartados anteriores.

Art. 35.- Os condutores deberán coidar a súa indumentaria en perfecto estado de limpeza e o seu aseo persoal será correcto.

Art. 36.- Os condutores de auto-taxis, na súa relación co público, gardarán a máxima compostura, corrección, educación e cortesía.

Axudarán a subir e baixar do vehículo ás persoas con mobilidade reducida e aquelas que polo seu estado físico o precisen así como a colocar os vultos que puidesen portar os usuarios.

Art. 37.- Os condutores que estando libre o vehículo, foran requiridos para prestar servizo na forma establecida, non poderán negarse a iso, agás causa xustificada. Tampouco poderá negarse a prestación a persoas con eivas polo feito de iren acompañadas de can guía ou en cadeira de rodas.

Terán a consideración de causa xustificada as seguintes:

1º.- Ser requirido por individuos perseguidos pola Policía.

2º.- Ser solicitado para transportar un número de persoas superior ao de prazas autorizadas para o vehículo.

3º.- Cando calquera dos viaxeiros se encontre en estado de embriaguez, ou intoxicación por estupeficientes, agás nos casos de perigo grave ou inminente para a súa vida ou integridade física.

4º.- Cando a vestimenta dos viaxeiros ou a natureza e carácter dos vultos, equipaxe ou animais de que sexan portadores poidan deteriorar ou causar danos no interior do vehículo.

5º.- Cando as equipaxes ou vultos non caiban no maleteiro ou portavultos.

6º.- Cando sexa requirido para prestar o servizo por vías intransitábeis que ofrezan perigo para a seguridade ou integridade tanto dos ocupantes e do condutor como do vehículo.

En todo caso, os condutores observarán co público un comportamento correcto e, a requirimento do usuario, deberán xustificar a negativa diante dun axente da autoridade, cando este se encontrase no lugar próximo ao que requirise o servizo.

Art. 38.- Cando en situación de libres sexan requiridos os condutores por varias persoas ao mesmo tempo, atenderase aos seguintes baremos de preferencia:

1º.- Se son enfermos, persoas con mobilidade reducida ou anciáns.

2º.- Persoas acompañadas de nenos pequenos e mulleres embarazadas.

3º.- As persoas que se encontren na correspondente ao sentido de circulación do vehículo.

4º.-As persoas de maior idade.

Estes preceptos non serán de aplicación polo que afecta aos puntos de espera, nos que a preferencia estará determinada pola orde de chegada dos usuarios.

Art. 39.- Cando un vehículo libre estivese circulando e o seu condutor fose requirido para prestar o servizo, deberá parar en lugar e forma que non entorpeza a circulación, conforme este establecido pola Lei.

Art. 40.- No momento de ser requirido procederá a quitar o cartel de libre e, unha vez ocupado o vehículo polo usuario e indicado o punto de destino, o condutor procederá a baixa-la bandeira.

Se o condutor esquecer a poñer en funcionamento o contador, será da súa conta exclusiva o devengado ate o momento de advertir a súa omisión, calquera que fora o percorrido efectuado, a menos que o pasaxeiro, libremente, estea disposto ao pagamento da cantidade que, de común acordo, conveñan.

Art. 41.- Se durante a prestación do servizo o condutor fose requirido para esperar o regreso dos viaxeiros, que transitoriamente desexen interromper o percorrido, poderán

solicitar os mesmos a título de garantía o importe do percorrido efectuado, segundo as determinacións que se indican no art. 11 desta Ordenanza ou no caso de que o lugar ofrezca limitacións en canto ao estacionamento, desvincularse do mesmo.

Art. 42.- En caso de accidente ou avaría, así como cando o vehículo fose detido por un axente da Circulación para ser amoestado ou sancionado, porá a bandeira do aparato taxímetro en punto morto. Se non se sumase ao servizo, o usuario só estará obrigado ao pagamento do que o condutor marque, deducindo o importe da baixada de bandeira.

A toma de carburante, calquera que sexa a súa clase, só poderá realizarse estando libre o vehículo, agás autorización expresa do viaxeiro.

Art. 43.- Os condutores deberán seguir o itinerario máis curto, agás indicación en contrario do viaxeiro, axustándose en todo momento ás normas e sinais de circulación e ás indicacións dos seus axentes.

Art. 44.- Ao chegar ao lugar de destino o condutor procederá a parar o vehículo no lugar e forma establecidos no art. 39, porá o contador en punto morto e indicarlle ao pasaxeiro o importe do servizo.

Art. 45.- Os condutores deberán revisar o interior do vehículo cada vez que se desocupe, a fin de comprobar se algún obxecto do usuario quedase no mesmo, entregándollo ao ocupante. De non poder devolvelo no acto, entregarase o mesmo, diante da Policía Local, dentro das 72 horas seguintes.

Art. 46.- Os vehículos cando non estean ocupados, deberán estar circulando ou situados nas paradas sinalizadas para estes efectos, ás que deberán concorrer obrigatoriamente.

Art. 47.- O condutor poderá prohibir fumar aos usuarios, sempre que lles advirta de tal circunstancia expresamente antes de baixar a bandeira do aparato taxímetro e leve no interior do vehículo un cartel visíbel expresivo de tal circunstancia.

Os condutores deberán absterse de fumar se, a tal efecto foran requiridos polos usuarios.

Art. 48.- O control da prestación do servizo efectuarase pola Corporación a través dos servizos municipais correspondentes.

CAPÍTULO VII

VII. PROCEDIMENTO SANCIONADOR E COMPETENCIAS MUNICIPAIS

Art. 49.- A efectos desta Ordenanza considerarase falta toda infracción das obrigas contidas na mesma, así como das concrecións que no seu desenvolvemento poidan determinarse nas instrucións correspondentes.

As faltas cometidas polos titulares de licenzas e condutores poderán ser:

- Leves.
- Graves
- Moi graves.

Art. 50.- Serán faltas imputábeis aos conductores:

I. LEVES

1. Baixar a bandeira antes que o usuario indique o punto de destino.
2. Non levar o cambio obrigatorio.
3. Tomar carburante estando o vehículo ocupado, agás autorización do usuario, colocando para iso a bandeira en punto morto.
4. Non levar iluminado o aparato taxímetro entre lusco e fusco.
5. Non levar no vehículo a documentación persoal regulamentaria a que se refire o artigo 21
6. Non respectar a orde de preferencia entre usuarios a que se refire o artigo 38
7. Fumar dentro do vehículo cando o viaxeiro o requirise para que se abstivese diso.
8. Descoido no aseo persoal.
9. Descoido no aseo interior e exterior do vehículo.
10. Discusións entre os compañeiros de traballo.
11. Abandonar o vehículo sen xustificación.
12. Non colocar o impreso da vixente tarifa, á vista do usuario.
13. Calquera outro incumprimento da presente ordenanza que non se cualifique como grave ou moi grave, sempre que resulte imputable ó condutor.

II. GRAVES

1. Seguir itinerarios que non sexan os máis curtos, ou non atender os indicados polo usuario.
2. Desconsideración grave no trato cos usuarios do servizo ou compañeiros.
3. Non poñer as indicacións de "LIBRE" ou ocultalas, estando o vehículo desocupado.
4. Negarse a prestar o servizo estando libre.
5. Escoller pasaxe ou ofrecer e buscar pasaxeiros, fóra das normas prescritas nesta Ordenanza.
6. Abandonar o servizo antes de cumprir o prazo de espera aboado polo usuario, ou negarse á espera, sen xustificación conforme á Ordenanza.
7. Negarse a exhibir o libro de reclamacións cando sexa requirido para iso.

8. Admitir pasaxe funcionando o taxímetro.
9. Non admitir número de viaxeiros autorizados ou admitir número superior.
10. Conferir a outra persoa a condución do vehículo ao seu cargo.
11. Conducir tendo o permiso municipal caducado.
12. Non exhibir a tarxeta de identificación de condutor de auto-taxis no lugar do vehículo visíbel para os usuarios.
13. Utilizar o vehículo para fins distintos do que é propio do servizo público, agás as excepcións contidas nesta Ordenanza.

III. MOI GRAVES

1. Ser causa dun accidente e darse á fuga.
2. O cobramento de tarifas superiores ou inferiores ás autorizadas e de suplementos non establecidos.
3. Efectuar alteracións ou manipulacións no aparato taxímetro.
4. Conducir o vehículo en estado de embriaguez ou baixo a influencia de estupefacientes.
5. Negarse a prestar o auxilio a feridos ou acidentados.
6. Conducir nos supostos de revogación temporal do permiso municipal de conducir, ou prestar o servizo sen estar en posesión da tarxeta de identificación de condutor de auto-taxis.
7. Abandonar ao viaxeiro sen prestar o servizo para o que fose requirido, sen causa xustificada.
8. A comisión de delitos cualificados polo Código Penal como dolosos, con ocasión ou con motivo do exercicio da profesión.
9. Prestar servizo os días de descanso.
10. Reter calquera obxecto abandonado no vehículo sen dar conta diso, á autoridade competente dentro das 72 horas seguintes.
11. Non presentar o vehículo, ou negarse a exhibir documentación a requirimento da autoridade ou axentes.
12. A negativa a estender recibo do importe da carreira, segundo o modelo oficial cando o solicite o usuario ou alterar os seus datos.
13. Negarse á entrega da tarxeta de identificación de condutor de auto-taxis, nos casos de rescisión da relación laboral.

Art. 51.- As infraccións establecidas no artigo precedente serán obxecto das sancións seguintes: A).- Para as faltas leves: Multa de 100 euros.

1. Amoestación.
2. Suspensión do permiso municipal de conducir ate quince días.

B).- Para as faltas graves: Multa de 101 a 300 euros.

1. Suspensión do permiso municipal de conducir de tres a seis meses

C).- Para as faltas moi graves: Multa de 301 a 1000 euros.

1. Suspensión do permiso municipal de conducir ata un ano.
2. Retirada definitiva do permiso municipal de conducir.

En todo caso, sancionaranse coa retirada definitiva do permiso local de conducir as infraccións moi graves determinadas nos apartados 4, 6, 8 e 13.

Art. 52. Serán faltas imputábeis aos titulares da licenza:

I. LEVES

1. O atraso na presentación do vehículo ás revisións establecidas nesta Ordenanza.
2. Non dar o debido mantemento ao vehículo para evitar o seu descoido interior e exterior.
3. Non levar a documentación á que se refire o artigo 21, apartados 1 e 3.
4. As establecidas no apartado I do artigo 50 cando o titular da licenza sexa o condutor do vehículo.
5. Calquera outro incumprimento da presente ordenanza que non se cualifique como grave ou moi grave, pero que resulten imputables ao titular da licencia.

II. GRAVES

1. Non comunicar as altas e baixas de condutores dos seus vehículos.
2. Colocar a publicidade nos vehículos sen autorización municipal.
3. Poñer o vehículo en servizo non estando nas condicións adecuadas de funcionamento.
4. Non asistir ás paradas, durante unha semana consecutiva, sen causa xustificada.
5. Non respectar os horarios de servizo fixados ou calquera outra norma de organización ou control establecida.
6. Carecer de portavultos ou non levalo dispoñíbel para o usuario.
7. As establecidas no apartado II do artigo 50 cando o titular da licenza sexa o condutor do vehículo.

III. MOI GRAVES

1. Usar o vehículo para prestar servizo distinto do regulado na presente Ordenanza, agás os supostos establecidos no artigo 30.
2. Deixar de prestar servizo ao público durante trinta días consecutivos ou sesenta alternos durante o período dun ano, agás que se acrediten razóns que o xustifiquen, que se alegarán por escrito diante do Concello.
3. Non ter o titular da licenza concertada ou en vigor a póliza de seguros.
4. Non prestar o titular do vehículo as revistas establecidas.
5. O arrendamento, aluguer ou cesión das licenzas que supoñían unha explotación non autorizada por esta Ordenanza e as transferencias de licenzas non autorizadas pola mesma.
6. A contratación de persoal asalariado sen o necesario permiso municipal de conducir.
7. Efectuar ou permitir alteracións ou manipulacións no aparato taxímetro.
8. As establecidas no apartado III do artigo 50 cando o titular da licenza sexa o condutor do vehículo.
9. A prestación do servizo nos supostos de suspensión, revogación ou caducidade da licenza ou retirada do permiso local de conducir.
10. O incumprimento por exceso ou por defecto das horas de traballo, descanso semanal e vacacións e as normas de organización do servizo, e a negativa á prestación de servizos extraordinarios, especiais ou de urxencia.
11. Os cambios realizados nos distintivos fixados no vehículo referentes ao número de licenza, ou calquera outro establecido pola Corporación.

Art. 53.- As infraccións establecidas no artigo precedente serán obxecto das sancións seguintes:

1. Para as faltas leves:

- a. Amoestación
- b. Suspensión da licenza municipal ou do permiso municipal de condutor ata quince días.
- c. En todo caso as faltas leves sancionaranse cunha multa de 200 euros.

2. Para as faltas graves:

- a. Suspensión da licenza municipal ou do permiso municipal de condutor de tres a seis meses
- b. En todo caso as faltas graves sancionaranse con multa de 201 a 600 euros.

3. Para as faltas moi graves:

- a. Suspensión da licenza municipal ou do permiso municipal de condutor ata un ano.

- b. Retirada definitiva da licenza municipal ou do permiso municipal de condutor.
- c. En todo caso sancionaranse coa retirada definitiva da licenza municipal as infraccións moi graves determinadas nos apartados 1,2,4,5,6,7 e 9.
- d. En calquera caso as faltas moi graves sancionaranse con multa de 601 a 3000 euros.

Art. 54.- O procedemento sancionador iniciárase de oficio ou a instancia de particulares.

En canto ao procedemento, estarase ao establecido nos artigos 134 e seguintes da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e do Real Decreto 1398/93 de 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

As faltas leves prescriben no prazo de un ano, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

Art. 55.- Todas as sancións, mesmo as de amoestación, anotaranse nos expedientes persoais dos titulares de licenza e dos condutores.

Art. 56.- Os titulares de licenzas e condutores poderán solicitar a cancelación da nota desfavorábel que figura no rexistro municipal correspondente, sempre que observase boa conduta e cumprida a sanción, unha vez transcorrido desde a imposición desta, un ano, tratándose de falta leve e dous anos, tratándose de falta grave.

Art. 57.- As competencias, tanto para o outorgamento das licenzas, como para a súa revogación ou retirada, substitución de vehículos e demais actuacións que poidan producirse en relación co contido desta Ordenanza, corresponderalle á Xunta de Goberno Local, ou no seu caso, á Alcaldía-Presidencia, segundo a delegación de competencias atribuídas ao respecto.

Así mesmo, conforme ás competencias atribuídas que se citan no parágrafo precedente, terán atribuídas as facultades en materia de imposición de sancións que se deriven das infraccións que se conteñen na Ordenanza, previa instrución do correspondente expediente sancionador.

I) DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Concédese un prazo de un ano para que os titulares das licenzas se adapten ao contido desta Ordenanza; excepto no previsto no artigo 18 respecto á cor do vehículo, para o cal o prazo será de catro anos desde a aprobación da presente ordenanza.

II) DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza, que consta de cincuenta e sete artigos e dunha Disposición Transitoria, entrará en vigor o día seguinte á súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia".

TERCEIRO.- Publicar o texto íntegro da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia dando cumprimento ao establecido no artigo 70.2 da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local.

En Arteixo, a 7 de novembro de 2005